



Orde do 07 de xuño de 2021, pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo ou FP dual (DOG do 17 de xuño)

### **Alumnado excluído**

---

Non terá dereito á axuda convocada nesta orde:

- O alumnado de FP dual en cuxos proxectos se inclúan axudas por desprazamento e aloxamento.
- O alumnado que realice a FCT fóra do territorio español e teña concedida unha axuda Erasmus + KA102; Fundación Paideia, ou calquera outra que financie totalmente o período de FCT, polas xornadas realizadas fóra do Estado español.
- Os que realicen a FCT ou a FP dual no concello do centro educativo ou no concello de residencia durante a realización da FCT ou da FP dual.

### **Prazos da convocatoria**

---

Prazo de maio, para o alumnado que realiza a FCT nos períodos outubro 2021- marzo 2022, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2022.

Acollerase a este primeiro prazo o alumnado de FP dual.

Prazo de outubro, para o alumnado que lle corresponda realizar a FCT no período de setembro a decembro de 2022.

Teñen que rematar a FCT obrigatoriamente antes do 31 de decembro de 2022.





Recoméndase rematar o período de formación en centros de traballo antes das vacacións do Nadal co fin de poder tramitar os pagamentos antes do 31 de decembro.

## **Documentación**

---

### **Arquivo da documentación**

- a) Solicitudes orixinais (anexo I).
- b) Declaración do domicilio de residencia durante o período de realización da FCT (anexo II).
- c) Copia do DNI da persoa solicitante, de ser o caso.
- d) Declaración responsable complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a mesma finalidade (Anexo IV).
- e) Certificación de realización das prácticas ou da FP dual.

Toda esta documentación quedará arquivada no centro educativo como mínimo por un período de 5 anos. Non se remitirá ningunha documentación á Dirección Xeral de Formación Profesional.

### **No caso de centros privados con ensinanzas concertadas**

O anexo III (aceptación de participación como entidade colaboradora na xestión das axudas) unha vez asinado, deberá escanearse e remitirse por correo electrónico a [fct@edu.xunta.gal](mailto:fct@edu.xunta.gal) antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes. Estará dispoñible na aplicación de FCT no apartado informes/centro.

Para a impresión de todos os anexos utilizarase a aplicación de FCT desde a páxina web <http://www.edu.xunta.es/fct>





## Datas principais do prazo de maio

---

Publicación da convocatoria no DOG	17 de xuño de 2022
Prazo de solicitudes	18 de xuño ao 18 de xullo
Publicación no centro da listaxe provisional	19 de xullo
Prazo de reclamacións	19 de xullo ao 28 de xullo
Publicación no centro da listaxe definitiva	29 de xullo
Finalización das prácticas	29 de xullo ao 1 de agosto
Centros que non poidan finalizar o procedemento no prazo indicado por teren alumnado realizando a FCT en xullo e agosto	Finalizarán cando rematen

## Máis información

---

Para calquera outra consulta pódese poñer en contacto co servizo de relación co sector produtivo e acreditación de competencias:

- 981 546 540/881 996 335 (Ana Cordo ou Óscar Balsa).

